

ENVÍO DE MATERIAL

Definición

O envío de material é un documento de estrutura e redacción similar ao dunha carta, que se utiliza para a comunicación entre empresas e provedores ao redor das cuestións relacionadas co envío de materiais.

Exemplo

SAN TELMO
Polígono Industrial As Lagoas, Bloque A
Ferrol, A Coruña


Casais sociedade
Rúa Igrexa Feita, 17
108211 Cedeira, A Coruña

Señora Laura Couso,

Póñoome en contacto con vostede en resposta á súa demanda do día 22 de maio para comunicarlle que xa dispomos dos materiais que solicitaban e que estamos en disposición de envialos. Porén, solicítolle que nos permita reter até o día 26 de maio o envío, xa que non se puido facer a revisión pertinente dos compoñentes electrónicos do material fornecido e esta revisión non se poderá realizar até o día 26.

Quedo entón á espera da súa resposta.

Atentamente,



Manuela Figueiras Barcia
Sección de control da calidade

Ferrol, 18 de maio de 2009